



Preparación y asistencia a mesas de contratación: 90,15 euros.

Concejales:

Por asistencia a sesiones de órganos colegiados: 48,08 euros. En el caso de coincidir dos o más sesiones en el mismo día percibirán indemnización únicamente por una de ellas.

Por asistencia a mesas de contratación: 48,08 euros.

Asimismo y de conformidad con lo dispuesto en la ordenanza reguladora de subvenciones para fines culturales, deportivos, turísticos, de ocio y servicios sociales, aprobada por el Ayuntamiento con fecha 27/10/2004, se proponen las siguientes subvenciones en régimen de concurrencia competitiva:

1) Recopilación del patrimonio popular de transmisión oral o escrito (leyendas, canciones, tradiciones...).

Objeto: se recopilarán por escrito o en grabaciones sonoras con el fin de catalogar, conocer y difundir nuestras herencias. Se podrán acompañar con documentos o fotografías que complementen la catalogación.

Importe: habrá un total de 6 subvenciones por importe de 120,00 euros cada una.

Partida: el importe de las subvenciones irá con cargo a las dotaciones presupuestarias: 4.48 y 3.22.

2) A Veiga en la gerra civil:

Objetivo: se recopilará documentación escrita o grabaciones sonoras de hechos o personajes que ocurriesen en el período de la Guerra Civil y la Posguerra en los pueblos y sierras de este ayuntamiento. Se podrán acompañar con documentos o fotografías que complementen la catalogación.

Importe: habrá un total de 6 subvenciones por importe de 120,00 euros cada una.

Partida: el importe de las subvenciones irá con cargo a la dotación presupuestaria: 3.22.

3) Recuperación de la artesanía popular

A) Mantas y alfombras de bastidor:

Objeto: realización de un taller por un período de tres meses.

Importe: habrá un total de una subvención por importe de 600,00 euros.

Partida: el importe de la subvención irá con cargo a la dotación presupuestaria 3.22.

B) Cestería:

Objeto: realización de un taller por un período de dos meses.

Importe: habrá un total de una subvención por importe de 300,00 euros.

Partida: el importe de la subvención irá con cargo a la dotación presupuestaria 3.22.

A Veiga, 2 de marzo de 2005. El alcalde.

R. 914

A Veiga

Eleouse a definitivo, por non presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado en sesión de data 29-12-04, de aprobación provisional da Ordenanza reguladora de limpeza, salubridade e seguridade de terreos, soares e espazos públicos, de medidas preventivas contra incendios forestais e da utilización da maquinaria forestal do Concello, xunto co Regulamento de participación cidadá, que se achegan como anexos neste edicto, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e a súa disposición transitoria, segundo a Lei 25/1988, do 13 de xullo.

Ordenanza reguladora da limpeza, salubridade e seguridade de terreos, soares e espazos públicos, de medidas preventivas contra incendios forestais e da utilización da maquinaria forestal do concello.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1º. A presente ordenanza dítase ó abeiro das facultades concedidas polos artigos 24, en relación co 84, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co preceptuado na Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigo 24 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística de Galicia e 1 e 10 do Real decreto 2187/1987, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, Decreto do 17 de xuño de 1995, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, e artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Artigo 2º. Esta Ordenanza ten natureza de Ordenanza de policía urbana e rural e de prevención de incendios, non ligada a unhas directrices de planeamento concreto, por estar referida a aspectos de salubridade, de seguridade e puramente técnicos e estéticos co obxecto de conseguir as condicións apropiadas de pulcritude, ornamento urbano e mellora do medio ambiente.

Artigo 3º. O ámbito de aplicación da presente Ordenanza esténdese ó termo municipal da Veiga.

Artigo 4º. Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de núcleos urbanos os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (NSPM) clasifica como tales (solo urbano do núcleo da Veiga e solo apto para urbanizar).

Artigo 5º. Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de solo de núcleo rural os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (NSPM) clasifica como solo de núcleo rural (zona consolidada e zona para consolidación de núcleo).

Artigo 6. Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de solo rústico os terreos que o planeamento urbanístico de aplicación directa (NSPM) clasifica como solo non urbanizable (común e especialmente protexido).

Artigo 7. Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de soares as superficies de solo urbano e solo de núcleo rural aptas para a edificación, segundo o planeamento urbanístico de aplicación directa (NSPM).

Capítulo II. Das condicións de salubridade, seguridade e ornato público das edificacións e soares.

Artigo 8. Os propietarios de vivendas ou instalacións estarán na obriga de mantelas en condicións de seguridade, salubridade ó ornato público con suxeición ás normas mínimas de habitabilidade e de protección do patrimonio histórico. Atenderase ó procedemento disposto no Regulamento de disciplina urbanística de Galicia non tocante ó deber de conservación e ruína.

No caso de acondicionamento de rúas e prazas públicas polo concello, este poderá emitir ordes de execución tendentes ó embelecemento dos núcleos urbanos nas áreas rehabilitadas.

Artigo 9. Os propietarios de soares deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, maleza, entullos e residuos sólidos urbanos.

O alcalde ou concelleiro delegado, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, iniciará o procedemento poñendo en coñecemento do propietario ou propietarios do terreo, e tralo informe dos servizos técnicos e con audiencia ó interesado, ditará resolución na que sinalarán as deficiencias e ordenará as medidas precisas para corrixilas e fixará un prazo para a súa execución.

Transcorrido o prazo concedido sen que os obrigados executaran as medidas establecidas, o alcalde ou concelleiro delegado ordenará a incoación do procedemento sancionador.

Na resolución, ademais, requirirase ó obrigado para que proceda á execución da orde que, de non a cumprir, se levará a



cabo por execución subsidiaria do concello, sendo por conta do obrigado o importe dos gastos, danos e prexuízos causados que poderán ser esixidos pola vía de constrinximento.

Capítulo III. Das medidas de protección contra incendios forestais.

Artigo 10. Os propietarios de terreos incluídos en solo rústico ou os propietarios ou administradores das plantacións de árbores existentes á entrada en vigor desta ordenanza deberán realizar tarefas de limpeza de maleza e de calquera material que facilite a propagación do lume.

Para realizar estas tarefas de limpeza de maleza, os particulares ou as comunidades de montes poderán solicita-lo servizo do tractor forestal do Concello segundo se establece no artigo 27.

Artigo 11. Establécese unha liña de protección contra incendios forestais de 100 metros, contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais na que os terreos deberán estar libres de maleza ou calquera outro material que facilite a propagación do lume.

Artigo 12. Os propietarios de terreos en solo rústico, incluídos nunha área de protección de 100 metros contados a partir da liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais, estarán obrigados a realizar tarefas de limpeza de maleza.

O alcalde ou concelleiro delegado ordenará a instrución do correspondente expediente de acordo co disposto no artigo 9 desta ordenanza.

Para realiza-las tarefas de limpeza poderán solicita-lo servizo do tractor forestal do concello segundo se establece no artigo 27.

Artigo 13. Nos núcleos urbanos e rurais queda prohibido plantar árbores, agás cando sexa de forma illada e con fins ornamentais e hortícolas, ou ben en pequenos grupos que non ocupen unha superficie superior a 50 metros.

Artigo 14. As plantacións de árbores de calquera natureza que se efectúen en terreos ou soares que teñan como lindeiros unha estrada municipal deberán estar retirados como mínimo a catro metros lineais do bordo desta.

Artigo 15. As plantacións de árbores de calquera natureza que se efectúen en terreos ou soares deberán estar retirados como mínimo a 3 metros dos lindes.

Capítulo IV. Infraccións e sancións.

Artigo 16. Constitúe infracción desta ordenanza as accións ou omisións que vulneren as prescricións contidas no articulado desta:

1. Non cumpri-la orde de execución das obras para mante-los terreos, urbanizacións, edificacións ou instalacións en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, tal como dispoñen os artigos 199 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística, 24 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia, e 10 do Regulamento de disciplina urbanística.

2. Non respecta-las medidas preventivas de protección contra incendios forestais, incumprindo o deber de mante-los terreos e/ou construcións libres de maleza ou de calquera outro material que facilite a propagación do lume, dentro das distancias de seguridade sinaladas.

3. Realizar novas plantacións de árbores dentro da franxa de protección fixada.

Artigo 17. As infraccións ás que se refire o artigo anterior serán sancionadas con multa coercitiva que oscila entre os 60,00 e os 3.000,00 euros.

1.- As infraccións desta ordenanza clasificaranse en moi graves e leves.

1.a) Son infraccións moi graves aquelas accións e/ou omisións que afecten á salubridade e seguridade de terreos, edificacións

e instalacións, en solo urbano e solo de núcleo rural así como nas áreas de protección establecidas.

1.b) Son infraccións graves as accións e omisións que constitúan incumprimento das ordes de execución ditadas, así como a nova plantación de coníferas dentro da franxa de protección fixada nesta ordenanza.

1.c) Son infraccións leves as que non teñan o carácter de moi graves ou graves.

2.- En ningún caso poderá o concello deixar de adopta-las medidas tendentes a restaura-la orde urbanística vulnerada así como a facer efectivas as medidas de prevención e protección contra incendios forestais, polo que procederá, tralo apercibimento, á execución subsidiaria realizando as correspondentes actuacións, por si ou a través das persoas que determine, á custa do obrigado.

Artigo 18. O órgano competente para a resolución do procedemento sancionador é o alcalde, conforme co disposto no artigo 21.1k) da Lei 7/1985, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local ou nun concelleiro.

Artigo 19. A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no regulamento aprobado polo Decreto 1398/1993.

Artigo 20. Sen prexuízo de esixir, cando procede, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes ás infraccións dos preceptos desta ordenanza, en materia de limpeza de soares e plantacións, as sancións serán as seguintes:

a) Infraccións leves, multas dende 60,00 a 300,00 euros.

b) Infraccións graves, multa dende 301,00 a 1.000,00 euros.

c) Infraccións moi graves, multa dende 1.001,00 ata 2.000,00 euros.

Artigo 21. Contra as resolucións da Alcaldía ou órgano competente, nas que se reflicten as ordes de execución que poñan fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense.

Capítulo IV. Procedemento e taxa para a utilización dos servizos do tractor rozadora municipal.

Artigo 22. Constitúe o obxecto da exacción a utilización da maquinaria de propiedade municipal, en especial, o tractor rozadora e a pa retroescavadora, solicitado a instancia de persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas.

Artigo 23. O feito imponible está constituído pola prestación do servizo con maquinaria do parque municipal. O servizo, trala xustificación do interese público, pode ser susceptible de ser prestado fóra do termo municipal.

Artigo 24. A obriga de contribuír nacerá dende o momento en que teña lugar a prestación do servizo e se utilice a maquinaria do Concello.

Artigo 25. Estarán obrigados ó pagamento aquelas persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que soliciten mediante instancia a prestación do servizo.

Estarán exentos do pagamento da taxa: as comunidades de montes do termo municipal.

- Os propietarios de terreos incluídos nas áreas de protección contra incendios de 100 m.

- Os servizos preventivos que marque o Servizo de Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia.

Artigo 26. As tarifas que se aplicarán serán as seguintes.

a) Utilización do tractor rozadora; 15 euros/hora; 90 euros/día; 360 euros/semana.

b) Utilización da pa retroescavadora; 10 euros/hora; 60 euros/día; 240 euros/semana.



Artigo 27. Todo usuario do servizo de maquinaria deberá solicitarlo por escrito mediante modelo oficial que se servirá nas oficinas municipais.

A petición formulada será resolta pola Alcaldía ou concelleiro delegado, segundo a dispoñibilidade, sen que sexa obrigado acceder ó solicitado polo interesado.

Acordada a prestación do servizo, este poderá suspenderse por razóns de interese público o que se comunicará inmediatamente ó usuario sen que este teña dereito a indemnización ou contraprestación de resarcimento ó seu favor.

Artigo 28. Prestado o servizo e practicada a notificación da resolución, o interesado procederá a aboala liquidación practicada.

As cotas non satisfeitas faranse efectivas polo procedemento de constrinximento administrativo, cando transcorra un mes dende o seu vencemento. Será de aplicación o previsto no Regulamento xeral de recadación.

Artigo 29. En todo o relativo a infraccións e ás súas distintas cualificacións, así como ás sancións que puideran corresponder, ateranse ó disposto na Lei xeral tributaria.

Artigo 30. As tarifas establecidas na presente ordenanza estarán vixentes para o exercicio económico de 2005 e incrementaranse nun 2% cada ano.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

“Regulamento de participación cidadá”

Concello da Veiga

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1.-

O Regulamento de participación cidadá regula o sistema de información e participación dos veciños e entidades cidadás na acción municipal, de conformidade co acordado na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Artigo 2.-

Constitúen obxectivos do presente regulamento:

- 1.- Facilita-lo exercicio dos dereitos dos cidadáns.
- 2.- Facilita-la máis ampla información sobre as actividades e servizos e establecer canles de comunicación entre a administración municipal e os cidadáns.
- 3.- Facilitar e promover canles e formas de participación dos cidadáns e dos sectores sociais na vida municipal.
- 4.- Potenciar e prima-lo desenvolvemento de iniciativas de utilidade pública que incidan nas problemáticas actuais.
- 5.- Fomenta-la participación organizada e a vida asociativa, promovendo a convivencia solidaria nunha libre concorrencia de alternativas sobre os asuntos públicos de interese local.
- 6.- Garanti-la solidariedade e equilibrio entre os distintos núcleos de poboación do termo municipal.
- 7.- Regula-las canles de información e participación acerca dos grandes temas municipais, como presupostos anuais, plans urbanísticos, creación e modificación de ordenanzas fiscais e doutra índole, plans sectoriais, programas culturais, sociais ou de saúde.
- 8.- Posibilita-lo acceso razoado e regulamentado ós bens de carácter público municipal.

Artigo 3.-

1.- O ámbito de aplicación da normativa sobre a participación cidadá esténdese a tódolos residentes inscritos no padrón municipal de habitantes, e ás entidades citadas cuxo domicilio social e ámbito territorial de actuación estea no municipio.

2.- A estes efectos considérase entidades cidadás as asociacións, federacións, unións e calquera outras formas de integración das sociedades de base constituídas para a defensa de intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns, que estean previamente inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións ou estean tamén no Rexistro Municipal de Asociacións da Veiga.

Título I: dos dereitos e deberes dos cidadáns.

Artigo 4.-

Son dereitos e deberes dos veciños do Municipio da Veiga os recoñecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e nas demais disposicións de aplicación, así como os previstos neste regulamento.

1.- Constitúen, entre outros, dereitos dos veciños:

- a. Ser elector e elixible, de acordo co disposto na lexislación electoral.
- b. Participar na xestión municipal na forma que prevé este Regulamento.
- c. Esixi-la prestación e, se é o caso, o establecemento dos servizos públicos municipais de carácter obrigatorio.
- d. Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais.
- e. Pedir-la consulta popular nos termos previstos na lei.
- f. Ser informado, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á administración municipal en relación a tódolos expedientes e documentación municipal, así como exercita-las accións legais contra os actos administrativos, de conformidade co disposto na legalización vixente.

2.- Son, entre outras, obrigacións dos veciños:

- a. Colaborar, no seu máis amplo sentido, coa administración municipal ó obxecto de conseguir unha mellora dos servizos municipais.
- b. Facilita-la actuación municipal no relativo á inspección, fiscalización e seguimento de tódalas materias relacionadas co seu ámbito de competencias.
- c. Solicita-las preceptivas licenzas e demais autorizacións precisas para o exercicio de calquera actividade sometida o control da administración municipal.
- d. Coidar e respecta-los pobos e a convivencia cos seus veciños e coas persoas que a visiten.

Título II: Da información municipal

Artigo 5.-

O concello garante ós veciños da Veiga o dereito á información sobre a xestión das competencias e servizos municipais, cos únicos límites previstos no artigo 105 da Constitución (que afecten a seguridade e defensa do Estado, á indagación dos delitos e á intimidade das persoas) de acordo coas disposicións legais vixentes e a presente normativa.

Artigo 6.-

As normas, os acordos e, en xeral, as actuacións, serán divulgados da forma máis sinxela e adecuada para que poidan ser coñecidas e comprendidas polos cidadáns e, como consecuencia, poidan exercer-los seus dereitos e cumprí-las súas respectivas obrigacións.

Artigo 7.-

A información pública, naqueles supostos que fosen esixidos pola lei, disposicións regulamentarias a este regulamento, levarase a cabo ou difundiranse da forma que permita a maior información ós cidadáns, utilizando os medios apropiados para os efectos da correspondente información pública.

Artigo 8.-

1.- As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno transmitiranse ós medios locais de comunicación social e faranse públicas no taboleiro de anuncios do concello.